



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DAS EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS PARA A ELABORACIÓN DE LISTAS PARA O INCREMENTO DO NÚMERO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE EXPLOTACIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO DE PERCEBE DA CONFRARÍA DE PESCADORES DA GUARDA.

ANTECEDENTES

1. A Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019, aproba o plan de xestión para o recurso específico de percebe da Confraría de Pescadores da Guarda. O dito plan inclúe a incorporación de cinco (5) cotas de captura nas embarcacións incluídas no plan de xestión.
2. Por Resolución da Xefatura Territorial de Vigo publicada o 27 de marzo de 2019, convocouse o proceso selectivo para a obtención do permiso de explotación para recursos específicos na modalidade de percebe, para as incorporacións indicadas no apartado anterior.
3. Rematado o prazo de presentación das solicitudes conséntase que se presentaron dúas solicitudes ao proceso selectivo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, entre outros requisitos establece no artigo 42.1: "A explotación das distintas especies de recursos específicos realizarase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión".
2. A Orde do 30 de decembro de 2015 determina nos seus artigos 39 a 46 os requisitos e o procedemento para o incremento de número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión.
3. A Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro establece o baremo para acceder as modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos. O apartado C do citado baremo establece os criterios para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos.
4. A Xefatura Territorial de Vigo é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación de conformidade co





XUNTA DE GALICIA

Xefatura Territorial de Vigo
Servizo de Recursos Mariños
Rúa Concepción Arenal, n.º 8, 4ª planta
Tfno. 986817125
seccion.pesca.vigo@xunta.gal



establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Aprobar a relación provisional das embarcacións seleccionadas para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico de percebe na Confraría de Pescadores da Guarda (ANEXO I).

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e no taboleiro de anuncios da Confraría de Pescadores da Illa de Arousa.

Contra o disposto nesta resolución poderase presentar alegacións no prazo de 15 días a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución ante a Xefatura Territorial de Vigo da Consellería do Mar.

Sonia Lorenzo Santos

Xefa territorial



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

Xefatura Territorial de Vigo
Servizo de Recursos Mariños
Rúa Concepción Arenal, n.º 8, 4ª planta
Tfno. 986817125
seccion.pesca.vigo@xunta.gal

galicia

ANEXO I

Proceso selectivo para elaboración de listas para o incremento de cotas de captura para o percebe

Confraría da Guarda

SOLICITUDES ADMITIDAS

(puntuadas e ordenadas alfabeticamente polo nome da embarcación)

NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA	1. EMBARCACIÓN CUNHA SOA COTA DE CAPTURA NO PLAN DE XESTIÓN	2. EXPERIENCIA PROFESIONAL DO ARMADOR	3. HABITUALIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA	TOTAL
FATIMA DOS	3ª-VI-7-3-13	0	3	0	3,00
RAPOSO DOUS	3ª-VI-7-12-06	0	3	3	6,00

